



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente 717/2022

APROBACIÓN, BASES E CONVOCATORIA DA EXCURSIÓN AQUAPARK

Visto o acordo de aprobación dos prezos públicos pola Xunta de Goberno Local de data 01/06/2022 e publicación en BOPPO nº 112 de data 13 de xuño de 2022.

En cumprimento das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o R.D. 2568/1986, de 28 novembro.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a realización da actividade de ocio e tempo libre “excursión aquapark”.

Segundo.- Aprobar as seguintes bases e a convocatoria polas que se vai a rexir a organización da excursión “excursión aquapark”.

BASES E CONVOCATORIA REGULADORAS DA EXCURSIÓN EXCURSIÓN AQUAPARK

Base primeira: Obxecto.

O Obxecto desta convocatoria é ofertar a actividade de ocio e tempo libre EXCURSIÓN AQUAPARK cun máximo de 100 prazas.

Base segunda: Obxectivos

A actividade “excursión aquapark” consiste na realización dunha viaxe ao parque acuático de Cerceda, provincia da Coruña. En este parque acuático hai diversas atraccións acuáticas para o desfrute das persoas con apertura dende as 11:30 as 20:00horas

O itinerario é Pazos-Cerceda-Pazos.

Base terceira: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias serán público en xeral, cos seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas que estén empadroadas no mesmo.
- En segundo lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas non empadroadas no mesmo.

Base cuarta. Datas e lugar de realización

Realizarase o día 10 de xullo de 2022 durante todo o día. Saída dende a praza do Concello de Pazos de Borbén ás 09:30 e regreso ao mesmo punto.

Base quinta. Presentación, lugar e prazo das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Pazos de Borbén presencial ou electrónicamente, mediante o modelo de solicitude instancia xeral xunto co xustificante de pago. O Concello de Pazos de Borbén comprobará de oficio o empadroamento das persoas solicitantes.

ANDRES IGLESIAS RODRIGUEZ (1 para 2)
Data de Emisión: 13/06/2022
Data de Sinaladura: 13/06/2022
HASH: d8fe41892419b1f63be7b1f5c5db1eb2



JUAN FRANCISCO SÁNCHEZ GONZÁLEZ (2 para 2)
Data de Emisión: 13/06/2022
Data de Sinaladura: 13/06/2022
HASH: 2b6e600bb481433ba0e04e6e7ba0281b9



DECRETO
Número: 2022-0317 Data: 13/06/2022





O prazo de presentación de solicitudes remata o 04/07/2022 ou ben ata o esgotamento das prazas dispoñibles.

O formulario de solicitude (instancia xeral) estará a disposición das persoas solicitantes na web www.pazosdeborben.org, e nas oficinas nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.

Base sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

A relación de persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión), será publicada na web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén a partir do 05/07/2022.

Base sétima. Número de prazas.

O número de prazas son cun máximo de 100. Unha vez cuberta a totalidade das prazas establecerase unha lista de reserva en función dos criterios establecidos na base oitava desta convocatoria.

Para realización desta actividade deberá haber como mínimo 40 participantes.

Base oitava. Adxudicación das prazas.

O proceso de adxudicación levarase a cabo na seguinte orde:

1º Persoas empadroadas no Concello de Pazos de Borbén, segundo orde de entrada no rexistro.

2º Persoas non empadroadas, segundo orde de entrada no rexistro.

Base novena. Prezo e condicións.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/06/20229 o prezo da excursión é o seguinte segundo as idades:

Adultos 7,20 euros

Nen@s de 5-12 anos 4,80 euros

Nen@s de 0-4 anos 1,60 euros

O pago realizarase na sucursal de ABANCA con nº de conta ES93 2080 5049 6130 4000 6392 facendo constar no concepto “aquapark” e o nome da/s persoas solicitantes.

Deberase presentar o xustificante do pagamento da excursión xunto co modelo de solicitude instancia xeral, no rexistro do Concello de Pazos de Borbén.

No suposto de que, por causas alleas os/as solicitantes, se deixase de realizar a actividade, os/as interesados/as poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

Cando o/a interesado/a manifeste a súa desestimación a participar na actividade cuxo ingreso fose efectivamente realizado, poderá solicitar a devolución das cantidades ingresadas, mediante escrito dirixido a esta administración, en todo caso, cunha antelación de cinco (5) días naturais a data da excursión.

No suposto que non se alcance un mínimo de 40 persoas a actividade cancelarse e devolverase as cantidade ingresadas en concepto de prezo público previa solicitude da persoa interesada.

Base décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan esta actividade terán vixencia ata o remate da actividade.

DECRETO
Número: 2022-0317 Data: 13/06/2022





Mándao e asíno o Sr. Alcalde de Pazos de Borbén,

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.

DECRETO

Número: 2022-0317 Data: 13/06/2022

